



DECRETO DA ALCALDÍA NÚM.:

Expediente núm.: 2022/X999/000634

Resolución de Alcaldía de número e data establecidos á marxe

Procedemento: Concesión Administrativa de Uso Privativo dun Ben de Dominio Público por Adjudicación Directa.

Interesado: Asociación Anxiños (CIF núm. G70427141)

Asunto: decreto de adjudicación directa concesión demanial

ANTECEDENTES

- 1 A Asociación Anxiños, co CIF núm. G70427141, inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, por resolución do 03/10/2015, co núm. 2014/18771-1ª, no escrito con Rexistro de Entrada núm. 202299900001618 do 28/08/2022, solicita, en síntese, a cesión temporal da primeira planta do Edificio da Vivenda Comunitaria para destinala a residencia de menores en situación de desemprego, (tempo mínimo e indispensable para iniciar a actividade nunha vivenda que están a reformar na parroquia de Fontecada-San Martiño-).
- 2 Logo de ver que o concello é propietario do seguinte ben de dominio público:

Referencia catastral	547302NH1654N0001QU
Localización	Rúa Ourense
Código do ben inventario	1INM07700023
Inventario municipal	Aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal en sesión do 27/03/2014
Nome do ben	Centro Social e Vivendas Sociais en Santa Comba
Natureza	Urbana
Cualificación urbanística	Equipamento asistencial, OC (Pb) centro de servizos sociais
Clasificación urbanística	Solo Urbano consolidado, dentro do ámbito de aplicación da Ordenanza 1 de mazá pechada do PXOM.
Descrición do inmovible Vivenda Comunitaria	Edificación/Construción de tres alturas, de planta rectangular, composta por unha planta semisoto de aproximadamente 412 m2 destinado a oficinas de servizos sociais e garaxe, unha planta baixa de aproximadamente 412 m2 destinada a sala de usos múltiples e unha planta primeira de 412 m2 destinada a vivendas sociais. O acceso principal ao edificio realízase pola fachada leste a través da rúa.
Instalacións	Instalacións de saneamento, fontanería, calefacción, electricidade e telecomunicacións. Con ascensor.
Necesidades de obras	Sen necesidade de execución de novas obras. Atópase totalmente acondicionada para destinala ao uso previsto.
Uso	Dominio público. Servizo Público
Ano de Construción	1989
Circunstancias relevantes Primeira planta	Conta con 9 dormitorios, 7 individuais e dous dobres, cociña, almacén e área común.
Valor primeira planta	Segundo o proxecto de legalización que asina o arquitecto, Lara Lozano Fomoso, colexiado núm. 2837 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, asesora técnica municipal en Urbanismo (externa) a valoración da primeira planta da edificación a usar temporalmente pola Asociación Anxiños é de 161.804,00 €

- 3 E de considerar a conveniencia de realizar unha concesión administrativa de uso privativo dun ben de dominio público por estes motivos:

- 1.- O inmovible ten como destino cumprir a función de servizo público asistencial en materia de servizos sociais sen que na actualidade se estea prestando ningún servizo.
- 2.- A Asociación Anxiños é unha entidade que presta servizos na materia e está capacitada para ser adjudicataria da concesión.
- 3.- A limitación da demanda no obxecto de concesión e a restrición que determina o seu uso xustifican a adjudicación do procedemento mediante adjudicación directa, que ademais, pola súa esencia, permite flexibilizar os requisitos de adjudicación.
- 4.- Poderá acordarse a adjudicación directa cando o inmovible resulte necesario para dar unha cumprimento a unha función de servizo público ou á realización dun fin de interese xeral por persoa distinta das previstas no parágrafos a e b do artigo 1374 da LPAP, como é o caso.
- 5.- A concesión ten carácter temporal, mentres non rematen as obras de remodelación dun edificio adquirido pola asociación neste municipio, cunha duración aproximada de seis meses.
- 6.- A concesión realizarase de xeito gratuíto, anque con contraprestación ou condición de que se realicen os menús do xantar no programa municipal "Comedor sobre Rodas" (mínimo 12, que irá en función das altas ou baixas de usuarios) de xeito totalmente gratuíto para as arcas municipais.

- 7.- En principio, non é necesario realizar ningunha obra.
- 8.- O réxime xurídico das competencias municipais propias contense esencialmente nos artigos 25 e 26 da LBRL. No apartado 1 do artigo 25 establécese literalmente que "1. O Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo."
- 9.- A avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social é unha competencia municipal, ao abeiro do artigo 25.2.e da LBRL.
- 10.- A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, define e regula o sistema galego de servizos sociais. Os servizos sociais comunitarios, son de carácter predominantemente local, están referidos a un territorio e a unha poboación determinados e constitúen o punto de acceso normalizado e tamén o primeiro nivel de intervención do sistema galego de servizos sociais.
- 11.- Os servizos sociais comunitarios básicos teñen un carácter local, aberto e polivalente constituíndo o principal acceso ao sistema de servizos sociais, co que se garante a universalidade do sistema e da súa proximidade ás persoas nos ámbitos familiar e social.

4 O ben suxeito a concesión administrativa destinarase a:

Residencia temporal de menores en situación de desamparo

5 E de ver os trámites realizados:

Documento	Data/Núm.
Solicitud do interesado	04/08/2022 (RE 202299900001618 do 28/08/2022)
Asociación <i>Anxiños</i> (interesada)	CIF núm. G70427141
Domicilio Asociación	Lg. Casa Rectoral San Mamede do Monte, s/núm. 15862 A Baña
Informe de asesoría xurídica	01/09/2022
Decreto de inicio	núm. 1329/2022 do 05/10/2022
Prego de cláusulas administrativas	05/10/2022
Decreto de apertura expediente interesa oferta	núm. 1346/2022 do 10/10/2022
Informe asesoría xurídica PCAP	07/10/2022
Convite licitador interesado	10/10/2022
Oferta licitador interesado	RE núm. 202299900002029 do 18/10/2022
Inscripción asociación Rexistro Xunta de Galicia	2014/018771 Sección 1.
Certificado estar ao corrente Seguridade Social	11/10/2022
Certificado atoparse ao corrente coa AEAT	04/11/2022
Certificado atoparse ao corrente coa ATRIGA	11/10/2022
Proposta de adxudicación	17/11/2022
Informe de fiscalización	22/11/2022 (subido plataforma <i>Tedec</i>)

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

A normativa aplicable:

- os artigos 93 e 137.4 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas (en diante LPAP).
- os artigos 74, 75, 78 a 91 do Regulamento de bens das entidades locais aprobado por Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño (en diante RBEL).
- os artigos 9, 115 a 155 e as Disposicións adicionais segunda, terceira e décimo quinta da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP).

Correspóndenlles aos alcaldes e aos presidentes das entidades locais as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais, e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada, ao abeiro do apartado 1 da Disposición adicional segunda da LCSP.



De acordo con todo o indicado, ao abeiro do artigo 151.4 e na Disposición adicional segunda da LCSP, **RESOLVO:**

1 Adxudicar a concesión do uso privativo do ben de dominio público, a título gratuito, nas condicións que constan na súa oferta e de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares, (en adiante PCAP), a:

Adxudicatario	Descrición do ben
Asociación <i>Anxiños</i> (CIF: G70427141)	Primeira planta do Edificio da Vivenda Comunitaria
Prazo da concesión: Seis meses, que poderá prorrogarse ata un máximo de 12 meses, condicionada ao remate das obras de reforma e os trámites administrativos para reformar unha vivenda na parroquia de Fontecada (San Martiño) neste municipio, para o fin de destinala a residencia de menores en situación de desemprego.	

As condicións da oferta que formulou o interesado:

- elaborar os menús do xantar diario (cun mínimo de 12 comensais) para o programa municipal Comedor sobre Rodas durante o prazo da concesión gratuita do uso privativo

- realizar programas pedagóxicos e psicolóxicos, mediante a análise das necesidades da poboación infanto-xuvenil comprendida entre o rango de idade de 6-16 anos, durante o mesmo período, e acordo con prego aprobado para o efecto.

As demais que constan no PCAP.

2 Publicar anuncio de adxudicación no perfil de contratante no prazo de 15 días.

3 Notificar ao adxudicatario e citalo para a sinatura do contrato dentro do prazo de 15 días soltos seguintes a aquel no que reciba a notificación da adxudicación, constituíndo este documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Con todo, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, e serán pola súa conta os correspondentes gastos.

4 Publicar anuncio de formalización do contrato no Perfil de contratante en prazo non superior a 15 días logo da perfección do contrato e co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público.

5 A Asociación *Anxiños* está obrigada, antes do inicio do proxecto presentado, a obter as autorizacións sectorais pertinentes e de inicio da actividade.

Santa Comba, na data da sinatura dixital

A alcaldesa

María Josefa Pose Rodríguez
(Documento que se asina electronicamente)

Dou fe
A secretaria xeral

Cristina Alonso Losada